

DEIXADE ESCOITAR O PARTE

Manolo Regal Ledo

PRIMEIRA ESCENA

(Está un grupo de persoas facendo nos chourizos: o Antón e a Luz cunha restra e a Manuela e a Pilar con outra; o Antón e a Luz son matrimonio e son os amos da casa; o Xerardo recolle os chourizos que van facendo e compón algo por alí; está a radio acesa, pero nun tono baixo que permite oír o que fala a xente).

XERARDO: Veña, amiguiños! Bulide, que teño fame, e dixo a Luz que mentres non acabemos non hai paparota.

ANTON: Ai!, e quen manda non roga.

MANUELA: Como ten que ser. Xa é hora de que as mulleres mandemos algo.

ANTON: Mandar algo? E non mandaredes de máis?

LUZ: Cala, Antón, cala e aperta ben o fío, que os teus chourizos sempre quedan frouxos.

PILAR: Traballa, Antón, que levades a restra a medias e nós xa estamos acabando.

ANTÓN: Ai, Xesús!, non hai quen poida con vós. Unha: Cala, Antón; outra: Traballa, Antón. Ides acabar comigo.

XERARDO: Non acaban, non, que ti tes bo lombo, e non sei para quen o queres aforrar.

ANTÓN: Ai, oh! e aínda ti te pos tamén do lado delas! Mala centella te parta! Axúdame a min, home; non ves que entre as tres acaban comigo.

XERARDO: Non acaban, non, que estás moi afeito, e manéxaste moi ben entre mulleres.

ANTÓN: Ves, niso si que tes razón. Toda a miña vida vivín só entre mulleres: a miña nai e as miñas irmás primeiro, e logo a muller, a sogra, e as dúas fillas. Non dou saído delas. Acaban comigo, acaban comigo e non hai volta.

MANUELA: Ai, meu santiño!, quen o dixera! Se acabasen contigo, non habías estar tan lucido como estás; dígocho eu.

ANTÓN: Vaia!, tamén ti, Manuela? Tíñate por miña amiga. Será mellor calar.

XERARDO: Será. Veña, bulide, que logo vai.

(Seguen traballando)

LUZ: Xerardo, dálle un chisquiño máis de voz a esa radio, e a ver se ten algo de música, que a min hoxe o corpo pídeme brinqueta.

ANTÓN: Mira, mira, a morniña esta, quen o diría! Así que o corpo che pide brinqueta, eh!

LUZ: Non sexas mal pensado, Antón; estou contenta, e quero que a música me poña máis contenta aínda. Veña, Antón, busca por aí algo bonito na radio.

XERARDO (*buscando na radio*): Xa ando niso, muller, pero non atopo nada ao xeito. A ver aquí... Non, aquí non, que isto non me gusta. (*Segue buscando nas ondas da radio. Pasa onde dan unhas noticias; cando pasa...*)

MANUELA: Pon, pon aí; que é iso que dí? Pareceume algo importante. Volve aí, Xerardo.

XERARDO: Volvo, eu fago o que me mandedes; pero a ver se vos poñedes de acordo, porque unha dime que poña música, outra dime que poña noticias, e non sei a quen lle hei facer caso.

(*Pon onde estaban dando as novas*).

RADIO: Segundo informacións procedentes da Garda Civil, calcúlase que máis de 50 africanos morreron afogados nas augas do estreito de Xibraltar, cando pretendían cruzar para España. Entre eles había cinco nenos e dúas mulleres embarazadas...

PILAR: Vállame Deus! Pobre xentiña!

MANUELA: Tamén deben andar ben apretados na vida, para se expoñer a tantos traballos nestes tempos tan malos do inverno.

PILAR: Xa, pero cando a fame aperta...

MANUELA: Calade, a ver que segue dicindo a radio. Igual non son cousas que nos alegren moito, como quería a Luz, pero cómpre saber o que pasa no mundo.

RADIO: Segundo afirman fontes ben informadas, máis de dous millos de refuxiados están apiñados en campos de refuxiados do sur de Afganistán, e tamén en Pakistán. Son as vítimas máis inocentes da guerra que tivo (está tendo) lugar neste país asiático. A vida nos campamentos de refuxiados carece das cousas máis elementais que poden facer digna unha vida. A unión internacional que tanto se moveu para facer a guerra, xa non se dá cando se quere remediar as súas vítimas. Diariamente varias ducias de nenos e xente maior morre irremisiblemente nestes campamentos.

ANTÓN: Arre coño! Non sei onde iremos parar. Parece mentira que o mundo ande tan mal para algúns.

LUZ: Ai, ho! Eu non quero meterme onde non me chaman, pero non haberá por aí algo de música. Se seguimos así, case se me van quitar as ganas de probar a zorza, que debe estar divina. Veña, Xerardo, pon algo de música, home.

(*O Xerardo anda por alí facendo algo; volve cara á radio*).

XERARDO: O que queiran, o que queiran as señoras; Noticias? Noticias van. Música? Música vai. Non vos queixaredes.

MANUELA: Luz, muller, agarda un pouquiño, espera que acabe o parte, e xa despois poñemos música, ceamos, bailamos, brincamos, o que queiras...

LUZ: Veña, pon o parte, logo, Xerardo, pon o parte. Pero eu despois quero música, que hoxe, non sei por que, fêrveme o corpo e pídeme festa.

RADIO: Unha muller foi vítima do seu home nun fogar do barrio santiagués do Castiñeiríño; segundo informaron testemuñas oculares do feito, o home, chamado Salustiano, deulle unha tunda á muller mesmo diante do portal da casa; de non ser polos veciños que acudiron en axuda da muller, cando oíron os seus berros, pénsase que non estaría con vida nestes momentos. Puidérona salvar; o home foi denunciado e está na comisaría da policía.

MANUELA: Ai, ho!, ese caso xa é vello; hai uns meses xa saíron na radio tamén; daquela feríraa cun coitelo.

PILAR: E logo cómo anda o home ceibe?

MANUELA: Eu que sei; lévano á comisaría, fanlle un xuízo calquera e aos dous días volve á rúa.

ANTÓN: Escoitade, escoitade; non sei que fala do campo agora. Escoitade.

RADIO: O ministro de agricultura e pesca, Arias Cañete, presentou o proxecto de ordenamento do gando de carne. Segundo din os entendidos, este proxecto obrigará a abandonar a produción de gando de carne a moitos miles de propietarios rurais galegos. Os sindicatos agrarios galegos falan de unir os seus esforzos para facerlle fronte a este proxecto tan prexudicial para a Galicia do campo.

ANTÓN: Vaia, ho!, o que nos cumpría! Primeiro co das cotas, logo co das vacas tolas, e agora chimparnos o gando de carne. Non, está ben claro que queren acabar connosco.

XERARDO: Veña, bulide!, que non damos acabado. Fáltannos dous chourizos, e non damos acabado, e eu xa teño fame. Ademais hoxe é o Nadal, e cómpre facer unha cea con xeito; ou non, Luz?

LUZ: Ah!, mira ti por qué eu tiña hoxe ganas de festa. Era o Nadal e non me decatara diso. Pero o meu corpiño éche moi sabio. Claro que con esas noticias que estamos escoitando...

ANTÓN: Muller, non todo vai ser así. Haberá malas noticias, pero tamén as ha de haber boas. Verdade, Xerardo?

XERARDO: Ai, eu na radio non mando! Eu doulle aquí, e ela di o que ten que dicir.

ANTÓN: O que ten que dicir, ou o que lle mandan dicir; que as radios tamén che teñen dono, e falan ao gusto dos seus donos.

LUZ: Coma os cans, logo.

ANTÓN: Coma os cans, sen desprezar os cans, que son bos animais.

MANUELA: Ala, ho, deixade acabar o parte, veña!

RADIO: Na vila mariñeira de Muros sóbose dun grupo de mozos que se dedicaron nas vacacións do Nadal a xuntar menciñas para as levar logo polas vacacións de Semana Santa a uns hospitais de Haití, país das Antillas, na América Central, pois é un dos países máis pobres do mundo, onde carecen case totalmente dos medicamentos máis elementais.

LUZ: Menos mal que escoitamos algo decente.

PILAR: Menos mal. A ver se o que segue é así tamén.

RADIO: No interior da provincia de Lugo, xa hai centos de labregos organizados nunha Plataforma para a defensa do gando de carne en Galicia. Nun primeiro momento pensan levar ao Parlamento de Galicia un documento firmado por milleiros de galegas e galegos, para que haxa máis respecto polos traballadores do campo.

XERARDO: Ai, ho, iso gústame a min, ves! Que veñan por aquí, que eu firmo xa, e a miña parenta tamén.

LUZ: E eu tamén. E o meu Antón tamén, non si? (*asinte o Antón coa cabeza*).

MANUELA E PILAR: E nós tamén. Fírmao todo o mundo.

RADIO: Unha familia estranxeira, composta por un matrimonio e un picarito acabado de nacer, seica anda buscando apoio nalgunha familia da comarca de Santa Comba. Víronse na beira das estradas e polas pistas das parroquias na procura de casa cuberta nestes días do Nadal.

MANUELA: Pois que veñan por aquí! Abofé que non habían quedar sen atender! E iso que non estou na miña casa, pero será igual, verdade, Luz?

LUZ: Poden vir cando queiran, que onde collemos cinco, collen tamén outros tres máis.

PILAR: Esa si que sería unha boa alegría, Luz. Esa si que nos faría brincar e brincar.

ANTÓN: Velaí, desde que se foron os fillos da casa, isto está medio baleiro; claro que coller ben collemos.

(Óese petar na porta varias veces).

XERARDO: Petan á porta. Quen será a estas horas?

LUZ: Non o sei. Igual é o Eladio do Cortiñas e mais a súa muller, Felisa, que me dixeron que igual viñan dar unha volta por aquí ánoite.

ANTÓN: Non, o Eladio non peta á porta. O Eladio chega e entra. Mira aí, Xerardo, mira aí quen pode ser.

(Xerardo vai cara á porta).

XERARDO: Quen é? Que queren? Pasen, pasen.

(Entra pola porta un matrimonio; ou o home ou a muller levan un neno emburullado nos brazos. O matrimonio pode ser de cor negra e o neno, xaora, tamén. Cando os ven entrar, todos se sorprenden, érguense dos asentos e achéganse onda os que acaban de entrar).

LUZ: Benvidos a esta casa! Non serán vostedes esa familia que disque andaba pola comarca de Santa Comba buscando casa cuberta?

MANUELA: Seguro que o son.

PILAR: Seguro.

ANTÓN: Benvidos a esta casa! Eu chámome Antón, esta é a miña muller Luz, e estes son uns veciños: o Xerardo, a Manuela e a Pilar. Benvidos a esta casa!

ESTRANXEIRA: *(falando mal o galego, con aquel de estranxeiros)* Gracias, moitas gracias. Eu chámome Mirina. Andabamos buscando onde nos poder gardar do frío. Non tanto por nós como por este picariño que hai poucos días naceu.

ESTRANXEIRO: Eu chámome Kunta. Somos xente de ben; pero no noso país hai moita necesidade; vimos dispostos a traballar honradamente e a convivir no medio de vostedes con moito respecto. Pero ao primeiro estanos custando poñer a vida a andar.

ANTON: Tranquilos, onde collemos tres, collemos trinta e tres. Veña, hai que dispoñer a cea, hai que facer festa. Acabouse xa o traballo?

LUZ: Acabou. Ai, que contenta estou! Xa eu dicía que o corpo me pedía brinqueta. Pero, a ver, a ver, e logo non nos mostran o neniño?; ten que ser precioso. Ha traer frío, seguro.

MIRINA: Agora mesmo non. Emburulleino ben. Chámase Susino. *(mostrándollelo)* A que é guapiño? Ten moi poucos días. Dános algún traballo, pero foi unha bendición para nós. Con el nos brazos, se habíamos ter menos forzas, temos máis.

MANUELA: Podémolo bicar?

KUNTA: Por suposto! *(vano bicando todos)*. Estámoslles moi agradecidos.

LUZ: Que alegría máis grande! Isto é cousa de Deus, eh, isto é cousa de Deus. Por algo me pedía o corpo tanta festa.

MANUELA: Isto si que é o Nadal.

PILAR: Isto é talmente coma cando naceu Xesús. Por iso estamos todos tan contentos.

ANTÓN: E por que non llelo imos dicir ao Eladio e á Felisa e aos máis veciños todos, para que nos veñan acompañar? Han estar contentos vendo isto que nós estamos vendo.

LUZ: Pois vai, Antón; achégate aí á porta e berra por eles todos.

ANTÓN: Eh, Eladio, Felisa, Lupe, Pepa, Ricardo, Aniceto... vide, que temos aquí algo moi fermoso que vos ensinar! Vide axiña! É coma o Nacemento de Xesús no medio de nós.

(Vaise achegando a xente, bican o neno, rin, falan entre eles, se se quere, cantan algo tamén. E así acaba todo).